

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4, REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por Intervención Municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de Licenzas de Apertura de Establecementos, a que se refire o artigo 20.4i) do propio Real Decreto Legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado Real Decreto legislativo.

ARTIGO 2.

1. Feito impoñible. Está determinado polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior á presentación nos casos de presentación de comunicacións previas e declaracións responsables.

2. Devéñase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír desde que, iniciase a prestación do servizo cando se presenta una comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso ao solicitar a oportuna licenza.

3. Aos efectos da aplicación deste tributo, considerarase como apertura e, xa que logo, suxeita ao pago da Taxa:

a) O establecemento da actividade.

b) Os traslados de actividade.

c) Os cambios da actividade desenvolvida nos locais, aínda que continúe o mesmo titular, ou a ampliación das actividades exercidas no establecemento

d) Os traspasos, transmisións, cesións, cambios de forma societaria, unións e fusións de empresas e cambios de denominación social.

4. Entenderase por establecemento que require a presentación de unha comunicacións previas e declaracións responsables ou no seu caso a obtención de licenza para a súa apertura:

a) Os locais dedicados ao exercicio habitual do comercio. Presumirase dita habitualidade nos casos a que se refire a lexislación mercantil e fiscal e, especificamente, cando a realización da actividade estea suxeita a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Os locais en que se desenvolva unha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional ou artística.

c) Toda edificación habitable cuxo destino principal non sexa a vivenda e que se dedique a:

- Casinos ou círculos dedicados ao esparexemento ou recreo dos seus compoñentes ou asociados. As distintas dependencias que, dentro dos locais do casino, sociedade ou círculo sexan destinados a explotacións económicas suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas serán obxecto de apertura diferente á principal que se refire ao obxecto social de carácter non lucrativo.

- Depósito ou almacén, aínda que estea pechado ao público.

- Actividades que, tendo ou non un fin lucrativo, impliquen a presenza habitual de persoas no local.

- Locais nos que se realicen usos e actividades suxeitas a Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as relacionadas no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, así como as sometidas a avaliación ambiental ou a avaliación de incidencia ambiental.

- Locais nos que se realicen usos e actuacións contempladas no Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insalubres ou Perigosas.

- Locais e recintos nos que se realicen espectáculos públicos.

- Oficinas, despachos, bufetes, escritorios, consultorios ou estudos abertos ao público, onde se exerzan actividades artísticas, profesionais ou de ensino con fin lucrativo e suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas.

5. Non están suxeitos á obrigação de contribuír por este concepto, pero si á obrigação de obter a oportuna licenza municipal as actividades que se exerzan en postos fixos nos Mercados Municipais, con excepción daqueles comercios ou despachos situados en locais exteriores que dean á vía pública e que se dediquen á venda de artigos que non se expendan no interior dos Mercados.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. É obrigados tributarios, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o art. 35.4 da L.G.T., titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, que se desenvolva no establecemento.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da L.G.T.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 5. BASE DE GRAVAME E TARIFAS.

1. A cota tributaria determinarase por unha tarifa fixa establecida en función da actividade a desenvolver e modulada en función da superficie do local, a cota de tarifa que corresponda a efectos do Imposto de Actividades Económicas, a situación do local e a condición de Actividades relacionadas no catálogo correspondente da Xunta de Galicia e as sometidas a avaliación ou a incidencia ambiental.

2. Tarifa Xeral.

2.1 As tarifas aplicables serán as contidas no Anexo desta Ordenanza, segundo a actividade exercida no local. Cando nun local exérzanse varias actividades, tomarase a cota máis alta, sen prexuízo do establecido no apartado 2.3. Nas actividades relacionadas no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia e as sometidas a avaliación ou a incidencia ambiental, a cota resultante do Anexo multiplicarase por 2 antes de proceder a aplicar os coeficientes e índices que se establecen nos apartados seguintes.

1. Á cota de tarifa aplicaráselle un coeficiente en función da superficie útil total do local, de acordo coa seguinte escala:

Hasta 50 m.2.....	0,8
De 51 a 100 m.2.....	1
De 101 a 200 m.2.....	1,2
De 201 a 500 m.2.....	1,5
De 501 a 1.500 m.2.....	1,6
De 1.501 a 3.000 m.2.....	1,7
De 3.001 a 10.000 m.2.....	1,8
De 10.001 a 20.000 m.2.....	1,9
Más de 20.000 m.2.....	2

2.3 Ademais do coeficiente anterior, e sobre o resultado obtido, aplicarase un coeficiente de capacidade económica establecido en función da cota mínima que corresponda á actividade desenvolvida no local a efectos do Imposto sobre Actividades Económicas, segundo a seguinte escala:

Ata 37,32 euros.....	0,5
De 37,32 a 120,20 euros.....	0,8
De 120,01 a 480,81 euros.....	1
De 480,82 a 901,52 euros.....	1,2
De 901,53 a 1.502,53 euros.....	1,5
De 1502,54 a 6.010,12 euros.....	1,7
Más de 6.010,12 euros.....	2

Regras de aplicación:

1ª. Cando nun local exércense varias actividades comprendidas en diferentes epígrafes, tomarase a suma das diferentes cotas para a aplicación deste coeficiente.

2ª. Cando se trate de actividades que tributen por cota provincial ou nacional, tomarase o 20% ou o 5% das cotas resultantes, respectivamente.

3ª. O coeficiente aplicarase en función da cota mínima sinalada segundo a clasificación da actividade determinada no Real Decreto Legislativo 1175/1990, que aproba as tarifas e instrución do Imposto de Actividades Económicas, aínda cando o solicitante goce de exención en devandito imposto ou non teña obrigación de darse de alta no mesmo.

4ª. Para a aplicación deste coeficiente non se terán en consideración as bonificacións que poidan ser aplicables no Imposto sobre Actividades.

5ª. Os locais afectos tributarán pola cota que lles sexa asignada de acordo coas regras do Imposto sobre Actividades Económicas.

Sobre o resultado de aplicar os anteriores coeficientes, aplicarase un índice que pondere a situación do local, de acordo coa categoría da rúa segundo a clasificación vixente das vías públicas a efectos fiscais, segundo o seguinte cadro:

Establecementos situados en rúa de:

Primeira categoría.....	1,8
Segunda categoría.....	1,5
Terceira categoría.....	1,3
Cuarta categoría.....	1,1
Quinta categoría y sexta residual.....	1
Sexta categoría asignada.....	0,8

3. Tarifas cota cero. Nos casos de traspaso, cesión ou transmisión da titularidade das actividades que se desenvolven nos establecementos, aplicarase a cota cero euros sempre que non se produza un cambio ou ampliación das actividades desenvolvidas no local xa que, neste caso, esixíriase a cota íntegra.

4. Tarifas reducidas.

4.1 O mero cambio de denominación social ou de actividade que non supoña ningunha outra alteración na personalidade xurídica da sociedade titular da actividade, pero que obrigue ao cambio de nome ou actividade nos rexistros municipais, determinará a aplicación á cota que resulte, dun coeficiente corrector do 0'10.

4.2 En todos os supostos nos que unicamente sexa necesaria a presentación de comunicación previa ou declaración responsable (excepto nas transmisións reguladas nos apartados anteriores), aplicarase á cota que resulte da presentación da autoliquidación polos obrigados tributarios, dun coeficiente corrector do 0,50.

4.3 As actividades que se desenvolvan en establecementos cunha superficie útil inferior aos 150 m² aplicaráselles un coeficiente sobre a cota resultante de 0,75.

Para ter dereito á aplicación destes coeficientes, o petionario deberá acreditar fehacientemente o feito da transmisión mediante a presentación da escritura con liquidación do imposto correspondente, así como a presentación de unha comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso a licenza de apertura anterior a nome do

transmitente. A petición de aplicación das reducións deberá formularse ao tempo de solicitar a correspondente licenza ou a presentación de unha comunicación previa ou unha declaración responsable.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 6. DEPÓSITO PREVIO E AUTOLIQUIDACIÓN.

1. Ao tempo de solicitar a correspondente licenza, os interesados ou os seus representantes procederán a efectuar a correspondente autoliquidación e a ingresar a súa importe en concepto de depósito previo, que será aplicado á cota que resulte unha vez que sexa concedida a correspondente licenza, procedéndose á súa devolución no caso de que, por causas non imputables ao interesado, non se prestase o servizo.

2. Xuntamente co depósito previo, ingresárase o importe estimado dos anuncios que deban publicarse como consecuencia da tramitación do expediente.

3. Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar ante o Concello autoliquidación segundo o modelo determinado pola Administración Municipal e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte. En devandito documento o declarante fará constar todos os elementos da relación tributaria que sexan necesarios para efectuar a liquidación e realizará a mesma.

Os interesados ou os seus representantes non estarán obrigados a efectuar a correspondente autoliquidación cando a presentación da comunicación previa ou a declaración responsable ou no seu caso a solicitude de licenza de apertura, derivada dun cambio de actividade no negocio, refírase a un local situado nunha das rúas incluídas nunha zona declarada polo Concello como "Zona Acusticamente Saturada (Z.A.S.)", segundo acordo da Xunta de Goberno. Se co exame da documentación que acompañe a comunicación previa ou a declaración responsable, así como na concesión da licenza de apertura declárase que a solicitude cumpre os requisitos esixidos polo "Plan Zonal de Mellora", non se procederá á liquidación da cota correspondente.

ARTIGO 7. RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local adoptará a resolución que proceda que será notificada ao interesado e aos servizos municipais aos que compete a execución da mesma, así como á Inspección de tributos municipais que comprobará a veracidade das declaracións e a exactitude das liquidacións practicadas.

Na mesma resolución procederase a aprobar a liquidación da Taxa de outorgamento da licenza nos supostos de actividades suxeitas a licenza nos supostos de actividades suxeitas a licenza segundo a ordenanza municipal. Nos demais supostos en que non sexa obrigatoria a obtención de licenza e a actividade se exerza previa presentación de comunicación previa ou declaración responsable, o Servizo de Urbanismo comunicará ao Servizo de Xestión Tributaria os supostos nos que a autoliquidación inicial non alcanza a totalidade da cota, procedéndose por parte de Xestión Tributaria a aprobar a liquidación complementaria que corresponda.

Nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación de licenza solicitada ou pola renuncia ou desistencia do solicitante con posterioridade á súa concesión.

ARTIGO 8. RENUNCIA, DESISTENCIA E CADUCIDADE.

1. Nos casos de renuncia ou desistencia con anterioridade á concesión da licenza de apertura procederá a devolución do 50% da taxa ingresada, sempre que a solicitude fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ao órgano competente.

Nos supostos nos que a esixencia de licenza de apertura de establecementos fora substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa" e o solicitante renuncie á declaración responsable ou á comunicación previa, procederá a devolución do 50 % da taxa ingresada sempre que a renuncia fose presentada con anterioridade ao momento no que a comunicación ou declaración adquira eficacia.

2. Consideraranse caducadas as licenzas se, logo de concedidas transcorren máis de seis meses sen haberse producido a apertura dos locais ou, se logo de abertos, pechasen novamente por un período superior a seis meses consecutivos, salvo nos casos de forza maior. Presumírase que existe esta circunstancia en tanto non transcorran os prazos concedidos para a terminación das obras do edificio ou local en que se haxa de situar o establecemento. Nestes casos de caducidade da licenza, a resolución que se dite resolverá respecto da débeda tributaria liquidada.

Se non dispuxese o contrario, o obrigado tributario non terá, pola soa circunstancia de non realizar as obras, en todo ou en parte, dereito á devolución das cantidades abonadas. Tampouco terá dereito a devolución se non realizase as obras nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal consta de nove artigos e foi aprobada polo pleno [na sesión celebrada o 9 de novembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2024](#) e producirá efectos en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 4	
ANEXO	
ACTIVIDADE DESENVOLVIDA NO ESTABLECEMENTO	COTA EUROS
Actividades e Servizos relacionados coa agricultura, gandería, pesca e selvicultura.	191,62
Industrias extractivas.	383,24
Industria téxtil e da confección.	574,85
Industria da madeira e a cortiza, excepto mobles.	383,24
Industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados.	766,47
Refino do petróleo e outros combustibles	3.832,38
Industrias da transformación do caucho e materias plásticas	383,24
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.	766,47
Fabricación de máquinas, equipos e material mecánico.	766,47
Industrias de materiais e equipo eléctrico, óptico e electrónico.	1.532,95
Fabricación de material de transporte.	1.916,19
Fabricación de mobles.	766,47
Fabricación de artigos de xoiería, ourivaría, platería e similares.	766,47
Fabricación de instrumentos musicais, bixería, artigos para o deporte e xoguetes.	383,24
Fabricación doutros artigos non clasificados anteriormente.	229,95
Reciclaxe de chatarra e desfeitos.	191,62
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga.	1.916,19
Establecementos afectos ás actividades anteriores (oficinas, almacéns, delegacións, garaxes e similares).	191,62
Establecementos afectos á actividade de construción (oficinas locais destinados á venda, estudos técnicos, almacéns, talleres e similares).	191,62
Comercio por xunto.	191,62
Comercio polo miúdo.	191,62
Hoteis, moteis, hostais e pensións con servizo de comidas (por habitación)	19,16
	(mínimo 149,10)

Hoteis, moteis, hostais e pensións, sen servizo de comidas (por habitación)	15,33
	(mínimo 111,82)
Cámpings, albergues e refuxios (por praza)	3,83
	(mínimo 74,54)
Outros tipos de hospedaxe, ata os non turísticos (por praza)	3,83
	(mínimo 74,54)
Restaurantes.	229,95
Establecementos de bebidas con servizo de comidas.	229,95
Establecementos de bebidas.	191,62
Comedores colectivos e servizos de comidas preparadas.	114,97
Establecementos afectos aos servizos de transporte (estacións e terminais, oficinas de venda de billetes, facturación, almacéns, consignas e similares)	191,62
Axencias de viaxes.	191,62
Servizos de correos e mensaxería.	191,62
Establecementos afectos a servizos de telecomunicacións.	766,47
Bancos e Caixas de Aforro.	766,47
Axencias e delegacións de seguros.	383,24
Outros establecementos financeiros e de seguros.	306,59
Establecementos dedicados a servizos en xeral, non clasificados noutros apartados.	191,62
Establecementos de ensino.	153,29
Hospitais, sanatorios e outros servizos sanitarios.	383,24
Oficinas de farmacia.	229,95
Establecementos de asistencia social.	76,65
Salas de Cine, Teatro e Espectáculos (non deportivos).	383,24
Estadios, pavillóns e campos de deporte.	383,24
Casinos, Bingos e Salas de Xogos	1.532,95
Garaxes e Aparcadoiros (por praza)	7,66
	(mínimo 149,10)
Despachos profesionais e artistas.	153,29
Outros establecementos non clasificados nos apartados anteriores.	153,29